

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 5 DE MARZO DE 2007

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

2304/06.- Marcos Otero Costa.- Legalización e prórroga de viv.unif. en execución no Lugar de Ramil, parroquia de Marantes.-

46/06.- Antonio Allende Liñares.- Reforma de viv. unif. en Vilar de Outeiro, núm.6, Verdía.-

RECURSOS.-

2358/05.- David Caramés Pombo.- Acondicionamento de edificación e apertura de actividade na R/ Casas Reais núm. 18 (E).-

REGULARIZACIÓN DE LINDEIROS.-

1229/05.- Agustín e Alejandro Rey Capeáns.- Regularización de lindeiros compartidos resultante de parcelación urbanística no Lugar de Piñeiro (+).-

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

2319/06.- Bernardo León López.-Expte...2623/99.....4.543,65 €-

175/07.- Gallega de Mecanizados Electrónicos.-...Expte...284/88.....1.911,22 €-

156/07.-Comunidade de Propietarios.-.....Expte...430/06.....1.000 €-

219/07.- Juan Carlos Rodil Somoza.-Expte...924/02.....1.500 €-

2390/06.- Jesús Senra Vence......Expte...1635/06.....1.000 €-

290/07.- Comunidad de Propietarios.-.....Expte...1391/06.....601 €-

APERTURAS.-

Lap/41/06.- Alta Decoración Santiago, S.L.- Carpintería de madeira na parcela B09 do Polígono de Boisaca, SUNP-34.

6.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación da lista de empregados municipais que acadaron o 2º complemento de formación na convocatoria de 2006.

Apróbase devandita lista.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa ás alegacións presentadas perante a Dirección Xeral de Transportes por mor da solicitude de unificación de diversas concesións.

Acórdase presentar alegacións informando desfavorablemente o proxecto de unificación das concesións V-1989:XG-185 e V-7026:XG-400.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa ás alegacións presentadas perante a Dirección Xeral de Transportes por mor da solicitude de expedicións entre a urbanización "Os Verxeles" e Santiago e a urbanización "Augas Mansas".

Acórdase presentar alegacións no sentido de que na autorización correspondente non se introduzan modificacións que intercedan no transporte urbano, de que os servizos con terminación na Rúa da Rosa non sexan incluídos no título concesional (agás os supostos recollidos no Transporte Metropolitano) e de que non se produzan duplicidades nos servizos.

10.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa ao desenvolvemento da 7ª campaña de animación á lectura.

Apróbase a devandita campaña, que se desenvolverá en Santiago nos meses de marzo, abril e maio, e que contará cun orzamento de 18.691 euros.

11.- Dar conta polo concelleiro delegado de Turismo da solicitude dunha subvención ao Ministerio de Cultura (ICAA) para o plan de actuación na área de fomento e difusión das actividades do Concello.

Dáse conta da solicitude da subvención, por un importe de 60.000 euros, para desenvolver o IV Festival de curtametraxes "Curtocircuíto 07".

12.- Concertación dunha operación de préstamo.

Apróbase a devandita operación.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto básico e de execución de remodelación e ordenación do tramo sur da Rúa Monte Pío en Santiago de Compostela.

Apróbase o devandito proxecto, que acada a cantidade de 246.186 euros.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á resolución do contrato de asistencia técnica para a redacción do proxecto de reurbanización da zona "Xoan Carlos I e aledaños".

Acórdase a resolución por mutuo acordo do contrato de asistencia técnica para a redacción do proxecto de reurbanización da zona Xoán Carlos I e aledaños, subscrito coa empresa OFICINA DE PLANEAMENTO, S.A., procedendo á devolución da garantía definitiva constituída, que ascende a 1.157 euros.

15.- Adxudicación do Servizo de configuración e axuste de rendemento de bases de datos Oracle, software e sistemas operativos que as soportan.

Adxudícase o servizo.

16.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de mellora en viais e beirarrúas na rúa do Gaiás (Desde Fontiñas ata Sar).

Apróbase o proxecto redactado polo encargado da brigada de parques e xardíns e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 60.031 euros.

17.- Aprobación de orzamento, prego e inicio do expediente de contratación das obras de creación dunha área de xogos infantís en POZA REAL DE ARRIBA.

Apróbase o proxecto redactado polo encargado da brigada de parques e xardíns e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 41.723 euros.

18.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de limpeza de cunetas e desbroce en parroquias do SECTOR NORTE.

Apróbase o devandito proxecto por un importe de 59.858 euros e un prazo de execución de 6 meses. Así mesmo acórdase o inicio do expediente de contratación para a súa licitación e a aprobación do prego de condicións.

19.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de mantemento e conservación de beirarrúas na zona de FONTIÑAS.

Apróbase o devandito proxecto por un importe de 60.000 euros e un prazo de execución de 2 meses. Así mesmo, acórdase o inicio do expediente para a súa licitación e a aprobación do prego de condicións.

20.- Aprobación de orzamento, prego e inicio do expediente de contratación das obras de acondicionamento para a posterior instalación de elementos deportivos e de xogo no PARQUE DA CONSTITUCIÓN.

Apróbase o proxecto redactado polo encargado da brigada de parques e xardíns e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 58.286 euros.

21.- Aprobación de orzamento, prego e inicio do expediente de contratación do subministro e instalación de elementos deportivos e de xogo no PARQUE DA CONSTITUCIÓN.

Apróbase o proxecto redactado polo encargado da brigada de parques e xardíns e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 150.000 euros.

22.- Inicio do expediente de contratación das obras de reforma do campo de fútbol das CANCELAS.

Apróbase o inicio do expediente para a contratación das citadas obras por concurso e procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial o 26 de maio de 2005, establecéndose un tipo de licitación de 390.653 euros.

23.- Adxudicación das obras de pavimentación e recollida de pluviais na rúa HORTA DE ADENTRO-CASTIÑEIRIÑO.

Apróbase o proxecto redactado polo arquitecto técnico do servizo de proxectos e obras, así como a adxudicación das obras de referencia a empresa ALCOMTE GALICIA, SL, por importe de 20.938 euros.

24.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación de Asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución das obras de ordenación funcional no núcleo de CANTEIRA.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 29.975 euros.

25.- Adxudicación da Xestión do servizo de alumeado do Concello de Santiago de Compostela.

Adxudícase o servizo a DAVIÑA, SL, por un importe de 839.991,60 euros durante o ano 2007.

26.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á solicitude de cesión da parcela número 962 sobrante de concentración parcelaria de Cesar-Barciela.

Acórdase solicitar ao xefe de Infraestruturas Agrarias da Delegación Provincial a cesión gratuita ao Concello de Santiago da propiedade da masa común 962 da concentración parcelaria de Cesar-Barciela, que xa foi cedida anteriormente ao Concello con carácter precario.

27.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de alegacións e modificacións a incorporar no acto de aprobación provisional do Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 8 (SUNP-8) do Sarela.

Acórdase reformular o Plan de sectorización segundo o informe redactado á vista das alegacións presentadas e das cuestións sinaladas no informe da arquitecta de Planeamento.

28.- Proposta da concelleira delegada da Muller relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galicia para a información ás mulleres e promoción da igualdade.

Apróbase o devandito convenio.

29.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á sinatura de diversos convenios entre o Concello e diversas entidades sobre materias sociais, e aprobación dos correspondentes gastos.

Apróbase a sinatura de convenios de colaboración coa Universidade de Santiago, para o "Programa ruptura de paralla non de familia" (7.000 euros), coa Asociación de Avoas de Pontepedriña (2.103 euros), con Cruz Vermella (9.015 euros), coa Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual (ASPAS) (3.005 euros), e co Voluntariado Social Rogas (2.103 euros).

30.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á xustificación da concesión da subvención ao INSTITUTO ROSALÍA CASTRO para a celebración da COPA ADECCO LEB 2 de baloncesto.

Apróbase a xustificación da concesión da subvención, por importe de 30.000 euros.

31.- Revisión de tarifas dos servizos prestados nas instalacións do multiusos "Fontes do Sar" e do complexo deportivo de Santa Isabel-XADE S.L.

Apróbase a revisión das tarifas.

32.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica , Emprego, Comercio e Mercados relativa á sinatura dun convenio de Patrocinio para a realización da actividade "Outlet Compostela" entre o Concello e a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

Apróbase a sinatura do convenio, por un importe de 60.000 euros (27.000 en concreto para a realización do Outlet Compostela), así como a realización da devandita actividade.

33.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Mercados relativa á aprobación da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a S.A. de xestión do Plan Xacobeo, para actividades comprendidas no programa "Marzo mes do comercio".

Apróbase a sinatura do convenio, por un importe de 60.000 euros, así como a realización do programa de actividades do programa "Marzo, mes do comercio".

34.- Propostas do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativas ao apoio a diversos proxectos empresariais.

Acórdase apoiar os proxectos empresariais presentados por Beatriz Rey Tilve e Rodolfo Jhonny Arias Durán como iniciativas locais de emprego.

35 a 45 Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a bonificación no IVTM.

Concédense 11 bonificacións.

46.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais no Imposto sobre bens inmoables.

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

URXENCIAS

- 1.-** Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello e a USC sobre a convocatoria, tramitación e concesión do premio Xohana Torres, dotado coa cantidade de 3.000 euros.
- 2.-** Apróbanse os actos conmemorativos do día 8 de marzo, por un importe de 4.941,55 euros.
- 3.-** Apróbanse o orzamento, 50.000 euros, e as bases da convocatoria de subvencións a proxectos e actividades educativas e culturais para o ano 2007.